

Paloma García Méndez

LONXE DEL CHAM

e outras historias



Encontro

Nigoba era un lugar. Úa casa pequena al pé dun regato que bulía discreto na sombra, cada vez máis remansado, e un acolledor esteiro sobre el que abría os brazos pra acabar verquéndose nel mar.

Ameicía condo Marga salíu estrear a praia. Aspirou el olor que traguía consigo a brisa, mistura de iodo marín e flor de binteiro, delicioso presaxio dos pequenos praceres del vrao. Anduvo por riba da arena mollada, sentindo a súa resistencia oca e fría, insondable, debaixo dos pés. Dous lampareiros corrocaban pola barba del auga, parándose aquí e aló el tempo xusto pra chantar con precisión el longo pico colorado e completar así, aos poucos, el ansiado almorzo.

A Marga gustáballe, antes de preparar el sou, ver cómo empezaban a xornada os visitantes alados da cala onde vivía. Pero aquela mañá esperábala úa sorpresa. Ergueu a vista hacia el sol que asomaba por riba da costa, e al baxala reparou en algo que lle fixo arrepilarse. Un corpo estendido nel tarrén, úa silueta escura que se distinguía xunto ás rocas, dentro del festón de ouca que deixara el mar al vazar.

Algúa vez imaxinara fugazmente úa escena como esa, preguntándose se iba ser capaz de ferlle frente con resolución. Pero, como pasa muitas veces, al verse envolta na situación actuou sen dudar. Correu asta el lugar, tanteou el corpo –úa rapaza nova- e viroulo con cuidado. Respiraba. Pero taba empapada e ríxida, atecida de frío. Tapoula coel sou chal e tratou de reanimala como puido, palpándolle brazos e pernas, atani-

gándolle os ombros, primeiro a xeito, despois con enerxía, asta que por fin a moza abriu os ollos, miroula sen ver e volveulos pechar, agotada.

Marga supuxo que la trouxera el mar, porque al redor non había máis pisadas que as dela mesma. Animoula a incorporarse pouco a pouco. Non parecía entender as súas palabras, así que intentou comunicarse por señas. Úa vez erguida, agarroula firmemente cun brazo, mentras que coel outro lle indicaba a casa.

Recorreron lentamente el corto treito que las separaba da vivenda e úa vez alí, Marga apurouse pra atotala entre cobertores e entibiar algo úa tisana que a rapaza bebeu a pequenos grolos mentras se iba reanimando. Sen deixar de mirala por un instante, quixo saber:

—Sinteste mellor? Comprendes lo que digo?

Non la entendía. Entonces probou a preguntarlle se falaba inglés, einda que de pouco lles serviría, porque Marga solo cono- cía úas contás palabras. Pero tampouco houbo sorte.

—*Je parle français... Un petit peu...* —dixo a moza.

—*Ah, très bien, moi aussi!* —contestou Marga, aliviada.

Chamábase Latifa. Con expresión de angustia nos sous ollos, rogoulle que lle permitira quedarse alí mentras conseguía reunir forzas pra marchar.

Marga tranquilizoula. Féndolle caso á súa voz interior, convi- doula a comer algo e a seguir descansando. Non quixo presionala de momento con preguntas, esperando que ela mesma lle fose contando lo que considerara que debía saber.

Mentras limpiaba e acuriosaba a casa, Marga fía conxeturas. Latifa tería us vinte anos e, incluso exausta e desmellorada como taba, podía verse nela úa beleza exótica, con aquela cara morena á que daban luz os sous magnéticos ollos dun raro color verde pardo. Lucía un aspecto mui cuidado, con manicura impecable, camiseta e mallas deportivas de marca de luxo, e nel reverso del pulso esquerdo levaba tatuada, con trazo elegante e conciso, a silueta dúa palomba.

Marga volveu al cuarto pra ver cómo iba. Seguía amorgueira- da, pero xa tía bon color.

—Teño que saber úa cousa, Latifa: Apareciche na praia des- pois de intentar... suicidarte?

A rapaza non la entendeu.

—Intentache matarte, antes de que te arrastrara el mar?

—Non, non, al contrario! —enfaticou—. Intentaba salvarme! Gracias pola túa axuda. Tas sendo mui búa comigo... Debería explicarche... —rematou, confusa e cautelosa.

—Tranquila, non te preocupes e sigue descansando. Por el momento, abóndame con saber eso.

E Marga volveu deixala sola, agora que contestara a súa pre- gunta máis urxente.

Z e Nemosina

Conto navideño

Zera úa nena argute e curiosa. Por eso un día, explorando non mui lonxe da súa casa, atopou un obxecto brillante, dourado, misterioso... E, querendo saber sobre él, acudiu á vella Nemosina.

Nemosina era a única que vivía naquelas terras xa antes del tempo dos cataclismos. A única que non chegara desde lonxe buscando, nun planeta barbarizado, un recuncho menos hostil onde sobrevivir. Nacera alí e conservaba as súas reices, búa memoria, e incluso algúas cousas raras —entre elas un cento de libros— ás que se negaba a renunciar.

Desde a altura dos sous muitos anos, Nemosina sufría al ver cómo as criaturas pasaban a infancia nun campo ermo, baxo un celo sen páxaros, escapando del sol porque os sous raios queimaban a pel. Vivían nun mundo que sufrira graves pandemias e pragas que as modernas tecnoloxías non foran quen de frenar. Máis ben al contrario —pensaba ela— pois taban movidas unicamente pola cobicia.

Paisaxes degradadas, especies extinguidas, clima alterado, miseria física e moral... Nas cidades, el medo e a violencia pechaban un círculo infernal del que solo us poucos conseguían, dalgún xeito, escapar. Ese era el ambiente nel que se forxaran os novos pobladores, os actuales vecíos de Nemosina.

—Esto que atopache, Z, é a estrela de Belén, a estrela navideña.

—E... que é eso?

Diálogo

Nando Fontela. Escuitábase muito ese nome nas conversaciois dos máis vellos conde recordaban aqueles anos da pasada centuria. Tanto, que a María parecíalle que la rondaban esas dúas palabras, como féndose ver, flotando nel aire antes de colarse nos sous ouguidos. Es así cada vez.

María investigaba sobre a historia local dos anos da Segunda República. Os poucos testigos que quedaban fían memoria, pra sí e pra ela, dos tempos da súa xuventude, rebasada había xa tanto. Nando Fontela, pola contra, non deixara nunca de ser novo, pois morrera antes de cumprir os trinta.

Un día chegou ás maos de María úa foto que lle poñía cara e corpo al sou nome. Un grupo de varios mozos nun parque. Él é el único que non vai traxeado. Pelo escuro e liso, camisa remangada, fica un paso tras dos outros, coas maos nos petos dos folgados calzois, por baxo dos que asoman úas alparagatas.

Conde, muito despois, María recibiu como regalo un raro libro del que era autor Nando Fontela, achacoulle al azar tal coincidencia. Abriuulo curiosa e, al ir léndolo, descubriu úa constelación de pequenos e —pra ela— grandes saberes, enlazados por un filo invisible que él conseguía revelar. Era esa fina liñada que une lo antiguo con lo moderno, lo lonxano con lo próximo, a persoa coel universo, describindo un trazo de orixe remota e final incerto, un trazo del que formamos parte e que á súa vez forma parte de nosoutros. Cada quen é dono dun puntín dese debuxo, lo que ven sendo a súa vida, e cúmprelle enchelo de contido.

María viu alí expresada con palabras, por primeira vez, úa certeza que intuía desde que tía memoria. Buscou despois el resto da obra escrita de Fontela. Léndola sentía a súa mensaxe sorprendentemente próxima. Conde él honraba a cultura popular daquela terra onde ela mesma tía tamén as reices; conde verquía acerbas críticas, despois de señalalo, contra el contumaz cacique; conde proxectaba as súas esperanzas de cambio na recién proclamada República... non podía máis que simpatizar con él e apreciar el entusiasmo que transmitían as súas palabras.

Aquel estilo vibrante, entusiasta e directo, aumentaba a resonancia da súa mensaxe, despertando a saudade dun imposible diálogo a través del tempo. Conde recorría as paisaxes tan queridas e frecuentadas por él, sonría pra sí ante a fugaz ensoñación de felo na súa compañía. Fugaz, porque se esvaía al instante fronte á a certeza de que non chegarían a coincidir nel tempo nin nel espacio en toda a eternidade.

El único diálogo posible era el que cabía na súa imaxinación. E anque tuvera que limitarse a él, seguiu buscando motivos pra recrear os sous pensamentos á luz dos del, nun xogo secreto, enriquecedor e gratificante que continuaba deparándolle sorpresas a volta de páxina. Como conde atopou úa pasaxe onde él confrontaba con viveza as fogueiras que ardían á beira del Mar Cantábrico nel solsticio de vrao e aqueles pequenos lumes que vira Malinowski nas aldeas del Océano Pacífico. María imaxinou a Fontela lendo el obra del polaco recién salida del prelo, e disfutando al compartir cos lectores del periódico local algúas das chispas que prenderan nel. E pensou en sí mesma, de adolescente, lendo tamén al antropólogo e vindo talmente as brillantes charamuzas erguerse diante dela. E, máis tarde, sentiulas reavivarse durante úa viaxe en avión, de este a oeste de Europa, núa despexada noite de San Xuan. Curiosamente, concluíra ela entonces lo mismo que —según acababa de saber— inferira Fontela nel sou momento: el calor a e a luz que desprenden esos pequenos lumes van máis aló de lo físico. Por eso se siguen —los

Quercus robur

Todo empezou (ou volveu empezar?) cúa landria enterrada. El primeiro sinal de que prendera foron dúas follías tenras que se asomaron ver el mundo. El mundo era aquela pendente suave e abrigada que remataba nun río. Al outra beira estendíase sobre as ladeiras úa sucesión de prados, eiros e bosques.

El rebolín recién chegado foi ben recibido na carballeira, onde tía un bon sito pra verlles pasar al sol, ás nubes e á lúa. Coas reices firmemente chantadas, non tía outra cousa que fer que medrar e medrar, como así foi.

Houbo úa primavera na que por primeira vez acolleu ilusionado un nío, á que seguirían moitas outras. Gustáballe serlles útil a aquelas familias que a cada tanto se formaban al abeiro das súas ramas. Sentía como algo un pouco sou as piadas das crías, el ir e vir dos padres coa bicada, e por fin el momento nel que os pequenos se botaban a enhalar.

Algún oso fregou as costas contra el sou tronco, pero máis frecuente era verlles pasar al lobo, al corzo ou al xabari. Lougo empezou a andar por alí a xente. Primeiro iban con ovelas, despois apareceron tamén con vacas, que pacían nos prados da beira daló del río e á tarde chegábanse a él pra beber. As mulleres iban pola mañá cedo, con feixes de roupa que esfregaban nas pedras, aclaraban na corrente e poñían a enxugar algo nos arbus-tos antes de marchar costa arriba con a cada sou montón. Máis silenciosos eran os pescadores que aparecían por alí en busca de truitas ou, habendo sorte, de salmois.

A maior animación ocorría nel vrao, condo el carballo se espelía, sacudindo al sol as súas follas estendidas. Os prados enchíanse de homes, mulleres e nenos. Segaban el herba, virábanla pra que secara, enmorenábanla e despois levábanla cargada nos carros, que rinchaban subindo as costas. A xente máis nova iba bañarse de tarde ás pozas que formaba el río nos sous remansos, e alí quedaban asta el anoitecer entre risas, bromas e berros.

Lo que trouxo máis movemento al redor del río foi el molín de pedra que construíron, pois deu paso a un gran trafego de xente, que con burros e cabalos —pois solo se chegaba a él por un camín de ferradura— iban e volvían coel grao e a farina. Escuítábase de fondo os máis dos días el sonido das pedras al moler, os cascos das bestas e as voces da xente que fía tertulia mentras esperaba el sou turno. Resonaban por todo el vale os golpes que de condo en vez lle daban á mola pra picala. Pero el mellor de todos os sonidos humanos era el da voz del molieiro condo se sentaba fóra cantar.

As cousas foron así durante moito tempo, asta que un día empezaron as voladuras nel camín, que acabou convertido núa carretera pola que seguían transitando os cabalos e os carros dos bois pero tamén os tractores, e incluso pasaba de tarde en tarde algún coche.

As brosas amenazantes, que condo sonaban insistentes na contorna anunciaban a morte dalgún conxénere del noso carballo, deron paso a motoserras e a desbrozadoras que traballaban en lo sou cúa eficacia que quitaba el alento.

A ladeira que se vía enfrente, al outro lado del río, foi talada nun instante en comparación coel tempo que lles levara medrar ás bidureiras, castaños e carballos que alí vivían. Iban ser suplantados por us desconocidos, os eucaliptos, núa repoblación tamén acelerada. El resultado viuse enseguida: us arbolíos delgados e grisáceos que apuntaban pra riba sen gracia ningúa, medraban de présa e daban úa madeira ruía... que podía venderse mui axina.

LONXE DEL CHAM..... 9

Encontro	11
Salto	14
Abeiro.....	19
César.....	29
Palombar.....	32
Meiceira	37
Canlongo.....	39
Movemento.....	41
Familia.....	44
Paréntese	47
Brinde.....	49

OUTRAS HISTORIAS 53

Z e Nemosina (conto navideño).....	55
<i>Juglans regia</i>	60
Manuel e os lumes	62
Diálogo.....	64
<i>Quercus robur</i>	70